

# Programa de educación ambiental:


## atención aos grupos de visitas sociais e técnicas

O Programa de Educación Ambiental de Sogama pon a disposición das persoas adultas interesadas en visitar o Complexo Medioambiental de Cerceda (A Coruña) unha atención adaptada ao perfil dos solicitantes.

### Obxectivos

O Programa de atención a grupos de visitas ten como obxectivos:

- **Ampliar os niveis de coñecemento de Sogama entre a cidadanía**, explicando a súa actividade e o funcionamento das súas instalacións.
- **Promover actitudes persoais máis respectuosas coa contorna**, fomentando a protección do medio natural e o desenvolvemento sostible.
- **Motivar á poboación para a adopción de boas prácticas** en relación á separación en orixe dos residuos e o seu depósito nos distintos contedores existentes para a súa recollida selectiva e posterior reciclaxe.
- **Sensibilizar na importancia do consumo responsable e a redución da produción de residuos**, poñendo exemplos prácticos sobre desperdicio alimentario, reparación de obxectos, doazón solidaria...
- **Difundir os principios da economía circular** para aproveitar ao máximo os recursos materiais dos que dispoñemos alongando o ciclo de vida dos produtos e evitando a xeración de residuos.



## Destinatarios:

Nesta tipoloxía inclúense os grupos de persoas de 18 e máis anos, tales como:

- Colectivos veciñais, culturais e sociais.
- Estudantes de Formación Profesional de grao superior.
- Estudantes universitarios e de posgrao.
- Profesionais de empresas privadas.
- Representantes e técnicos das administracións públicas.

## Estrutura da visita

A actividade educativa está estruturada para cada tipoloxía de visita, contando coa seguinte secuencia de actividades:

- **Recepción** do grupo na entrada do edificio de oficinas do Complexo Medioambiental de Cerceda, presentación do equipo educativo e entrada na aula educativa.
- **Charla informativa e formativa na aula educativa** a través dunha presentación dinámica de información e datos sobre as instalacións de Sogama e a súa funcionalidade, con elementos gráficos que reforzan as ideas e conceptos claves, e adaptada a cada perfil de visita e a cada nivel educativo.
- **Visualización dun vídeo inmersivo das instalacións 360°** a través de lentes de realidade virtual, combinada coa posibilidade de demostrar as habilidades separando lixo cun xogo de arcade.
- **Recorrido en bus polas instalacións e**, se a operativa da instalación e as características do grupo o permiten, **un recorrido a pe** para observar *in situ* a actividade e funcionamento da planta de recuperación de materiais da fracción resto, o laboratorio e a sala de control da planta termoeléctrica.
- **Peche da actividade** coa aclaración de dúbidas, a avaliación da mesma por parte dos visitantes e a despedida do grupo.

